

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A REDE EUROPEA CONTRA A POBREZA EAPN-GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS ENCAMIÑADAS Á COORDINACIÓN, OPTIMIZACIÓN DOS RECURSOS E SINERXIAS DE ACTUACIÓN DAS ENTIDADES INTEGRANTES QUE TEÑEN COMO FINALIDADE A LOITA CONTRA A POBREZA E A EXCLUSIÓN SOCIAL, NO EXERCICIO 2024.

REUNIDOS

Dunha parte:

Dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Igualdade, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia; no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia; no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia; no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, e polo establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte:

Dona Ana Pardo Fernández, con DNI 36170208V, presidenta da asociación Rede Europea de Loita contra a Pobreza e Exclusión Social no Estado Español na Comunidade Autónoma de Galicia (en adiante EAPN-Galicia), con NIF G70209549, en virtude do seu nomeamento segundo o acordo de modificación da Xunta Directiva adoptado pola Asemblea Xeral de dita asociación o día 22 de xuño de 2023, actuando en nome e representación daquela ao abeiro das funcións atribuídas conforme ao disposto no artigo 29 do seus estatutos.

Ambas as dúas partes, no nome e representación no que concorren e coa capacidade legal suficiente para este acto



MANIFESTAN

PRIMEIRO.- Que as administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

SEGUNDO.- Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

TERCEIRO.- Que a Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, conforme ao Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura, e ten entre as súas funcións e competencias as relativas á inclusión activa e integración sociolaboral das persoas en situación ou risco de exclusión social.

CUARTO.- Que EAPN-Galicia é unha entidade de natureza asociativa que agrupa a entidades autonómicas do Terceiro Sector de Acción Social implicadas na loita e na defensa dos dereitos de persoas en situación ou risco de pobreza e exclusión mediante a incidencia política e social.

Constituída conforme ao artigo 5 da Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación está inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia co número 2009/012813-1 e máis no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-5769.

Segundo os seus estatutos, carece de ánimo de lucro, conta con personalidade xurídica propia, autónoma en relación ás das súas entidades asociadas e con plena capacidade para ser suxeito de dereitos e obrigas.

O seu ámbito de actuación é principalmente a Comunidade Autónoma de Galicia, e ten como fins, entre outros, os seguintes:

- a) Facilitar os fluxos de información entre as organizacións do Terceiro Sector de Acción Social e contribuír á formación dos seus diversos axentes.
- b) Contribuír a analizar a realidade da pobreza e a exclusión social e reflexionar sobre as súas causas e sobre as propostas para a incidencia das mesmas, promovendo



estudos e investigacións, así como xornadas, seminarios e foros de reflexión e análise.

- c) Incidir nas políticas sociais desenvolvidas en Galicia, dende o ámbito europeo e estatal ata o local, principalmente nas políticas deseñadas e executadas pola Xunta de Galicia.
- d) Potenciar a transparencia e mellora da xestión do sector, desenvolvendo unha estratexia de calidade e responsabilidade das organizacións, así como recompilando e transferindo as boas prácticas identificadas.
- e) Facilitar a participación das persoas en risco de pobreza ou exclusión social nas entidades membro e diante das diversas administracións públicas.
- f) Sensibilizar ao conxunto da sociedade e corresponsabilizar aos axentes clave, en particular administracións públicas e empresas, sobre as cuestións relativas á inclusión social a través de diferentes iniciativas, como a responsabilidade social corporativa.

QUINTO.- Que para a consecución dos ditos fins EAPN-Galicia realiza as seguintes actividades, especialmente en tres liñas de actuación:

1. Sistema de información compartida e traballo colaborativo e en rede:

- a) O desenvolvemento de intranet con repositorio, documentación e xestión de comunicación e formación interna.
- b) O compartimento de información e boas prácticas con entidades membro e con outras redes autonómicas.
- c) O Plan de xestión de voluntariado.
- d) A realización de estudos. No 2024 o Informe Vivenda en Galicia e implantación da Lei de Vivenda; o Estado de Pobreza 2024 e o mapa de iniciativas Terceiro Sector e universidades.
- e) O aseguramento do mantemento e da seguridade informática, e a transformación dixital da entidade.
- f) O fomento do traballo en grupo, ben de xeito continuado (Comunicación, Participación, Fondos Estruturais, inserción sociolaboral, e Fórum de asesoras xurídicas do Terceiro Sector de Acción Social) ou *ad hoc* (Lei de diálogo civil de Galicia; Ingreso Mínimo Vital e RISGA; convocatoria de subvencións do IRPF ou de investimentos para entidades de iniciativa social no eido da Inclusión, Estratexia colaboración universidades e Terceiro Sector, etc.).



2. Incremento da capacidade de investigación e propostas de mellora na loita contra a pobreza, exclusión social e servizos sociais:
- a) A identificación das prioridades en servizos sociais, emprego e vivenda dende o Terceiro Sector de Acción Social galego durante o ano 2024. En especial tralas eleccións ao Parlamento de Galicia para seren transmitidas a grupos parlamentarios, Xunta de Galicia e concellos. E tamén para seren integradas nas demandas da rede de cara ás eleccións ao Parlamento Europeo do 9 de xuño.
 - b) A realización de informes-propostas en diversas materias sobre pobreza, emprego, xénero, vivenda ou garantía de ingresos e rendas mínimas (Ingreso Mínimo Vital, Renda de Integración Social de Galicia). No 2024 en especial, propostas dirixidas fundamentalmente ás consellerías e órganos superiores competentes en materia de Política Social, Emprego, Igualdade e Vivenda, sobre inclusión socio-laboral, pobreza enerxética, acceso a medidas de inserción socio-residencial, Estratexia de Inclusión Social e Axenda Social de Galicia, Plan de apoio a familias monoparentais, exclusión financeira ou propostas para a nova Lei de Inclusión social.
 - c) A organización de foros sobre pobreza, exclusión social e Terceiro Sector de Acción Social. No 2024, entre outros, Lei de diálogo civil e Terceiro Sector Social, intelixencia artificial, garantía de ingresos mínimos, inclusión sociolaboral, exclusión residencial, aporofobia e discurso do odio, exclusión bancaria ou participación de persoas en situación de pobreza.
 - d) A resposta ás demandas, consulta e diálogo coas administracións públicas, en especial a Xunta de Galicia e a FEGAMP, e no 2024 cos grupos parlamentarios que xurdan das eleccións do 18F.
 - e) A elaboración de propostas e aportacións ás presentadas nos órganos e foros sociais de interlocución no eido dos servizos sociais e o emprego como o Consello Galego de Benestar Social, o Consello de Economía Social o o Observatorio de Acción Voluntaria, sen que isto implique, en ningún caso, remuneración algunha para a entidade pola súa participación nos mesmos. Tamén a participación nos grupos de traballo da Axenda Social de Galicia 2021-2030. No 2024, insistirase na creación da sección social do Observatorio de Vivenda en Galicia.
 - f) A elaboración dunha estratexia de colaboración entre as universidades e o Terceiro Sector Social galego, coa creación dun grupo interno e externo e dun mapa de iniciativas de colaboración existentes (investigación, formación, voluntariado, aprendizaxe combinado con servizo, e outras).
3. Aumento da capacidade de comunicación interna e externa para a difusión da mensaxe de defensa dos dereitos das persoas en situación ou risco de pobreza e exclusión, especialmente a través de:



- a) O mantemento dun Grupo de comunicación operativo, que garanta o desenvolvemento do plan de comunicación externa e interna 2024-2027, de campañas como a do X Solidario do IRPF, Empresas con Impacto (Imposto de Sociedades), Emerxencia Vivenda, exclusión financeira ou de contidos con motivo das eleccións autonómicas e europeas; así mesmo, que facilite a comunicación externa e interna coas organizacións do Terceiro Sector de Acción Social galego.
- b) A realización de seminarios, acompañamento, deseño e implantación de campañas de comunicación, tanto a través dos medios de comunicación tradicionais coma os dixitais, en especial as adicadas a combater os prexuízos, estereotipos, intolerancia e ata desprezo ás persoas en risco de pobreza ou exclusión, como instou por unanimidade o Parlamento de Galicia.

No 2024 implicará actuacións en facultades e centros educativos ou coa Valedora do Pobo e un seminario sobre os discurso do odio e os seus efectos sobre o estado do benestar e formación sobre oportunidades e perigos da intelixencia artificial.
- c) O fomento da participación e presenza efectiva das persoas en risco de pobreza e exclusión en encontros de participación locais, galego, estatal e europeo.
- d) A celebración do Día da Xustiza Social e do Día de Erradicación da Pobreza.

SEXTO.- Que a Consellería de Política Social e Igualdade, no exercicio das competencias que lle atribúe o Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura, xa mencionadas no expoñendo terceiro, considera axeitado desenvolver unha liña de colaboración coa concesión dunha subvención pública a través da subscripción dun convenio con EAPN-Galicia, para facer posible o desenvolvemento das actuacións da dita entidade tendentes á coordinación, optimización dos recursos e sinerxias de actuacións das entidades que a integran, as cales teñen como finalidade a loita contra a pobreza e a exclusión social descritas no expoñendo cuarto.

A instrumentación desta axuda por medio dun convenio de colaboración singular reside na circunstancia de que os estatutos de EAPN-Galicia configúranse como a única entidade que ten por obxecto a incidencia no deseño de novas políticas e prácticas que contribúan á defensa dos intereses das persoas en situación de pobreza e/ou exclusión social, provocando cambios que optimicen os procesos de inclusión social en Galicia. Así mesmo é a única na que se establece que poderán ser membros da mesma todas as persoas xurídicas sen ánimo de lucro involucradas na loita contra a pobreza e/ou a exclusión social definida de acordo co establecido no artigo 3.1 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.

EAPN-Galicia apoia as entidades representantes das persoas vulnerables que conectan os seus esforzos para conseguir sinerxias e crear unha plataforma que canalice e dea voz ás demandas do sector. De acordo con isto, a Consellería de Política Social e Igualdade



considera que a colaboración no mantemento das actuacións descritas nos fins de EAPN-Galicia cumpre, indubidablemente, unha función de interese social en consonancia co establecido no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 40 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Por todo o exposto as partes comparecentes, na representación que ostentan, acordan subscribir un convenio de colaboración coa suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. *Obxecto e contido*

É obxecto do presente convenio a colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e EAPN-Galicia para a realización, por parte desta última, dunha serie de actuacións encamiñadas á coordinación, optimización dos recursos e sinerxias de actuacións das entidades integrantes que teñen como finalidade a loita contra a pobreza e a exclusión social.

A colaboración establecida neste convenio ten por obxecto a concesión dunha subvención por parte da Consellería para a realización das actuacións programadas pola entidade que aseguren a unión de esforzos, a creación de sinerxias e o incremento da eficacia e a eficiencia das actuacións das súas entidades membro, coas seguintes finalidades:

- a) A creación de grupos de traballo, tanto estables como *ad hoc*, establecendo calendarios de realización das xuntanzas, con implicación de persoas expertas e das entidades membro. Inclúe a realización de actividades como:
 - Grupos *ad hoc* para traballar na definición e presentación de propostas consensuadas e suxestións de mellora, en relación coas seguintes materias: a nova Lei de Inclusión Social (favorecendo sinerxías entre a RISGA e o Ingreso Mínimo Vital, e medidas de emerxencia como a Tarxeta moedeiro unha vez se transfiran á Xunta de Galicia); documento de propostas e demandas diante das eleccións autonómicas e europeas; as convocatorias de subvencións do exercicio 2024 en materia de inclusión social (investimentos de entidades de iniciativa social) e IRPF (programas de interese xeral para fins de carácter social, con cargo á asignación tributaria do 0,7% do IRPF e do Imposto de Sociedades), que leve a cabo a Xunta de Galicia; nova Lei de diálogo civil de Galicia, o Plan de apoio ás familias monoparentais; medidas de inserción socio-residencial e de acceso á vivenda, ou asegurar a participación nos Comités de Seguimento de Fondos Estruturais (FSE+ 2021-2027 e, dende 2023, FEDER 2021-2027) e *Next Generation* (Mecanismo de Reconstrución e Resiliencia).



- Grupo de traballo de comunicación: Definición e planificación da estratexia de comunicación 2024 e fixación de obxectivos en medios e redes sociais (no 2024 priorizando LinkedIn e vídeo); plan de comunicación do Terceiro Sector Social 2024-2027, das campañas de comunicación e relación con medios de comunicación, así como de identificación das necesidades de formación no eido de comunicación interna e externa á rede.
 - Grupo de traballo de fomento da participación de persoas en situación de pobreza ou exclusión social, que se concretará na preparación de obradoiros previos a un Encontro galego de participación social para a elaboración de propostas políticas, na formación e preparación da delegación que asista ao Congreso Estatal de Participación, a presentación de propostas á Valedora do Pobo no marco do Día Internacional de Erradicación da Pobreza que se celebra o 17 de outubro e o fomento da participación específica das persoas maiores no eido da vivenda.
 - Grupo de traballo sobre emprego e inserción socio laboral, concretado na elaboración e difusión de propostas que aseguren o enfoque integral, persoal, social e laboral tal e como se teñen explicitado no Manual de boas prácticas para a inclusión sociolaboral con persoas vulnerabilizadas, tanto para as convocatorias de subvencións da consellería competente en materia de política social como, especialmente, da consellería competente en materia de emprego e igualdade (Posta a punto para o emprego, Programas integrados para o emprego de persoas en vulnerabilidade ou Cooperación), asegurando a coordinación entre ambas as consellerías neste eido, en especial no marco do previsto na nova Lei de Inclusión.
 - Fórum de asesoras e asesores xurídicos do Terceiro Sector de Acción Social galego. Dinamización e formación, con especial fincapé nos eidos de estranxeiría e discapacidade.
- b) A garantía dunha presenza e interlocución activa na definición de propostas que melloren as políticas públicas que afectan á redución da pobreza e a exclusión social, como: a redacción normativa, convocatorias de subvencións, informes de seguimento, propostas electorais ou a participación en consellos e órganos de representación. No 2024 inclúe a realización de actividades como:
- Seguimento da Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2023-2030 dirixido ao Consello Galego de Benestar Social.
 - Axenda Social de Galicia. Seguimento de compromisos, en especial o de creación de 100 vivendas de transición e erradicación do chabolismo e infravivenda no 2030. Creación e participación nos grupos de traballo previstos.



- Eleccións Autonómicas 2024. Elaboración de documento de propostas e difusión en partidos e medios.
- Eleccións Europeas 2024. Elaboración de documento de propostas (xunto co resto de redes EAPN), difusión en partidos e medios e fomento do voto.
- Documento de comparación de programas electorais e propostas de EAPN-Galicia, acordadas coas súas entidades membro, para a lexislatura que se inicia no 2024, para ser difundido entre os partidos políticos e para servir de base á interlocución cos grupos parlamentarios e a presidencia da Xunta de Galicia.
- Informe da vivenda en Galicia 2024. Análise da implantación en Galicia da Lei 12/2023, de 24 de maio, polo dereito á vivenda.
- Propostas de acceso á vivenda: Incidir na constitución da sección social do Observatorio Galego da Vivenda e a participación no mesmo das entidades do Terceiro Sector Social especializadas e recollida de propostas acordadas coas entidades membro especializadas para a nova convocatoria de inserción socio-residencial de persoas vulnerables.
- Informe do Estado da Pobreza 2024. Presentación ante a Valedora do Pobo e os grupos parlamentarios.
- Propostas para a nova Lei de garantía de ingresos que substitúa a vixente Lei de Inclusión e que integre Ingreso Mínimo Vital, Renda de Integración Social de Galicia e Tarxeta Básica (ou modelo de tarxeta moedeiro ou semellante para afrontar a atención de necesidades básicas).
- Seminario: Boas prácticas para a inclusión sociolaboral con persoas vulnerabilizadas. Presentación a nivel galego e estatal das boas prácticas das entidades do Terceiro Sector especializadas, así como das limitacións atopadas nos programas de inclusión socio laboral e propostas de mellora.
- Proposta de Plan de apoio ás familias monoparentais para asegurar que se cumpre o previsto no artigo 40 da Lei 5/2021, de 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia.
- Plan RENOVE de electrodomésticos 2024. Difusión sobre oportunidades para persoas vulnerables e informe sobre o impacto das convocatorias 2022 e 2023.
- Actuacións no 2024 para o recoñecemento do Terceiro Sector de Acción Social (TSAS): elaborar propostas de mellora na redacción da nova Lei de diálogo civil de Galicia; seminario de presentación preparatorio do I Congreso do Terceiro Sector Social Galicia (2025); fomento do traballo en rede co Comité



de Entidades Representantes de Persoas con Discapacidade de Galicia (CERMI Galicia) e a Plataforma da Infancia de Galicia.

- Inclusión financeira: Información sobre contas básicas de pago, retirada de comisións a persoas en situación de pobreza, e endebedamento abusivo; así como sobre a prevista nova figura do Defensor do cliente bancario. Todo isto, en colaboración co Instituto Galego de Consumo e a Valedora do Pobo.
 - Apoio á economía social e solidaria. Participación no Consello de Economía Social e acto de formación e difusión da colaboración entre cooperativas e entidades do Terceiro Sector (convenio de colaboración entre EAPN e Unión de Cooperativas *EspazoCoop*).
 - Actuacións de análise dos efectos ocasionados pola aplicación da normativa xurídica con incidencia nos servizos sociais e nas políticas de acceso ao emprego e á vivenda.
- c) O incremento da participación democrática e a incidencia social e política dos galegos e galegas en risco de pobreza e exclusión social. Inclúe a realización de actividades destinadas ao dito colectivo como:
- Fomento da participación electoral, en especial nas eleccións ao Parlamento Europeo.
 - Creación e apoio á delegación no Encontro de Participación Estatal e deseño do XV Encontro Galego de Participación, incluíndo seminarios locais previos.
 - Fomento da participación e defensa dos dereitos das persoas maiores: Obradoiro de Maiores e dereito á vivenda, e novos modelos de atención á dependencia.
 - Consulta específica a persoas perceptoras sobre as eivas e necesidades de mellora no acceso ao Ingreso Mínimo Vital, RISGA ou tarxeta básica así como da implicación das entidades do Terceiro Sector na redución do *Non Take Up*.
 - Participación específica de persoas en risco de pobreza ou exclusión social na problemática de acceso á vivenda digna e accesible, en especial nos obradoiros realizados no marco da exposición itinerante *#EmerxenciaVivenda*.
 - Día da Erradicación da Pobreza: acto sobre o mesmo coa Valedora do Pobo e grupos parlamentarios.
 - Estudo e recompilación de boas prácticas para o auto coidado e prevención de riscos psicosociais nas entidades do Terceiro Sector de Acción Social no seu traballo con persoas en risco e/ou situación de pobreza e/ou exclusión social.



d) Facilitar a comunicación interna e externa e o recoñecemento das organizacións de iniciativa social do Terceiro Sector Social galego e o fomento do diálogo civil coas administracións públicas galegas. Inclúe a realización de actividades como:

- Campaña de fomento do *X Solidario*, tanto na campaña do IRPF (*#EmerXenciaSolidaria*) como no Imposto de Sociedades (*#EmpresasconImpacto*) do exercicio 2024.
- Actualización da exposición itinerante e campaña *#EmerxenciaVivenda*. Presentación coa Valedora do Pobo no marco do Día da Xustiza Social (20 de febreiro).
- Campañas de comunicación online: Pobreza Galicia, Aporofobia bancaria, Exclusión financeira, Emprego digno, e eleccións autonómicas (*#Pobreza18F*) e europeas (*#EuropaConDereitos*) 2024.
- Boletín *EnRedeSocial*, 25 edicións. Renovación estética e de contidos para acadar as 1800 persoas subscritoras.
- Boletín semanal interno, 40 edicións. Novidades, entre outras, do Consello da Xunta, novas sobre política social ou MATIASS (Manual de Traballo, Información e Asesoramento de Servizos Sociais).
- Posta en práctica do Plan de transformación dixital de EAPN Galicia (Office 365, One Drive, Teams, actualización web).

e) Fomentar iniciativas conxuntas entre organizacións de iniciativa social e administracións públicas de formación e difusión de ferramentas sobre: construción do discurso, tolerancia e loita contra a aporofobia, discurso do odio e desinformación cara a calquera colectivo en risco de vulnerabilidade, así como de apoio ás súas vítimas. Inclúe a realización de actividades como:

- Participación en eventos de loita contra a pobreza, discurso do odio e aporofobia. Entre as entidades participantes previstas están a Escola Universitaria de Traballo Social ou a Facultade de Psicoloxía ou de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela, a Escola de Relacións Laborais da Universidade da Coruña, a Facultade de Educación e Traballo Social da Universidade de Vigo, ciclos de Integración Social (Santiago e Ourense), así como centros de ensino secundario.
- Seminario: Os discursos de odio e os seus efectos no Estado do Benestar. 18 xuño, Día contra o discurso do odio.
- Seminario: Oportunidades e perigos da intelixencia artificial contra a aporofobia e o odio.



- Difusión de ferramentas e formación básica para a defensa de dereitos ante casos de aporofobia bancaria, conculcación dos dereitos dos consumidores ou na relación coas administracións públicas.
- f) Facilitar o coñecemento mutuo, a colaboración e a interrelación entre o Terceiro Sector de Acción Social (TSAS) e as universidades mediante a formación, investigación aplicada, voluntariado ou aprendizaxe combinada con servizo. Inclúe a realización de actividades como:
- Grupo de traballo para a elaboración da Estratexia de colaboración entre a Universidade e o TSAS.
 - Creación de grupo de expertas, das diferentes universidades galegas e de entidades do TSAS, para a identificación de alianzas en xestión do coñecemento e traballo conxunto, principalmente nos eidos de servizos sociais, emprego ou vivenda que son xestionados pola administración autónoma e a local, as universidades e o TSAS.
 - Mapa de boas prácticas e iniciativas de colaboración entre universidades e Terceiro Sector.

SEGUNDA. Obrigas da entidade como beneficiaria da subvención

EAPN-Galicia asume as obrigas sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en especial, acepta os seguintes compromisos como consecuencia da sinatura deste convenio:

- a) Acreditar a realización das accións a subvencionar así como a aplicación dos fondos ao fin destinado de acordo co establecido na cláusula quinta deste convenio.
- b) Cumprir os requisitos e non atoparse incurso en ningunha das circunstancias e prohibicións establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- c) Acreditar documentalmente, antes da sinatura do convenio e do pagamento, no caso de oporse expresamente á consulta pola Administración, o cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e o non ter pendentes débedas coa Comunidade Autónoma nin ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, ao abeiro do artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- d) Comunicar a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as accións derivadas da concesión da subvención obxecto do convenio. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.





- e) Facilitar as actuacións de comprobación e subministrar a información, incluíndo o resultado da auditoría económica realizada pola entidade, requirida pola Consellería de Política Social e Igualdade, a través dos seus órganos competentes en materia de inclusión social e de inspección de servizos sociais, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas, o Tribunal de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control. Para os efectos de comprobación administrativa, a sede de EAPN-Galicia está situada en Santiago de Compostela, na Praza Camilo Díaz Baliño, 17 (Centro de Negocios Esmarta, Local 6), e todas as peticións de documentación deberán dirixirse a esta para acadar maior operatividade.
- f) Informar á Consellería de Política Social e Igualdade, a través do órgano directivo competente en materia de inclusión social, do funcionamento das actuacións a subvencionar a través deste convenio.
- g) Adecuar a forma de presentación dos datos relativos á execución das accións, así como os instrumentos xustificativos do gasto, á Lei 9/2007, do 13 de xuño, e á Lei 39/2015, do 1 de outubro.
- h) Adoptar as medidas de difusión contidas no artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no 20 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Estas medidas consistirán na inclusión da imaxe institucional da Xunta de Galicia así como nunha lenda alusiva ao financiamento público do programa en carteis, placas, materiais impresos e medios electrónicos e audiovisuais, entre outros, que teñan relación coas accións e actuacións a subvencionar.
- i) Levar un arquivo e custodia, durante, polo menos, cinco anos, da documentación substantiva e financeira que soporte e acredite a realización das accións a subvencionar a través deste convenio. En particular, EAPN-Galicia comprométese a achegar inescusablemente nun prazo de dez días cantas facturas, nóminas e demais documentos de carácter contable lle sexan requiridos pola Consellería de Política Social e Igualdade.
- j) Reintegrar os fondos percibidos nos supostos contemplados nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- k) Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución do disposto neste convenio.



TERCEIRA. Orzamento

A concesión da subvención regulada neste convenio terá como límite global o crédito asignado para estes fins na Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, na aplicación 38.03.312A.481.3, polo importe global de NOVENTA MIL EUROS (90.000,00 €), sen prexuízo de posteriores variacións producidas como consecuencia das modificacións orzamentarias.

CUARTA. Gastos subvencionables

A condición de gasto imputable deriva do cumprimento dos seguintes requisitos: que sexa un gasto directo da acción; que de xeito indubidable responda á natureza das actuacións a subvencionar a través deste convenio; que sexa axeitado aos obxectivos da medida á que pertence; que exista constancia documental sobre a súa realización de xeito verificable e que se realice dentro do período establecido; que se acredite mediante facturas ou documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, e que sexa efectivamente pagado pola entidade beneficiaria dentro do prazo de xustificación.

Poderán financiarse con cargo a este convenio gastos correntes e consumibles non amortizables necesarios para a realización das actuacións, tales como:

- a) Gastos de persoal.
- b) Aluguer (incluídos gastos de comunidade).
- c) Combustible e outros gastos de desprazamento.
- d) Seguros: vehículos, voluntarios e locais.
- e) Material de oficina non inventariable.
- f) Mantemento e material de reposto de máquinas, instalacións e equipos.
- g) Teléfono e enerxía eléctrica.
- h) Gastos de publicidade, sensibilización, consultoría, formación e asesoría externa.
- i) Gastos de auditoría necesarios para a xustificación das actuacións a subvencionar a través do convenio.

Estes gastos serán subvencionados coa condición de que correspondan a custos reais de execución das actuacións financiadas a través da concesión directa da subvención obxecto do convenio e se asignen de forma rateada á operación, de acordo cun método equitativo debidamente xustificado pola entidade beneficiaria.



Non se poderán financiar os gastos que supoñan calquera tipo de investimento en bens inventariables.

QUINTA. Forma de xustificación e pagamento

Respecto da forma de xustificación e pagamento estarase ao disposto na Lei 9/2023, do 28 de decembro; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O pagamento efectuarase previa presentación da conta xustificativa de gasto que permita acreditar o cumprimento das actuacións a subvencionar a través deste convenio, cuxo contido se detalla na cláusula sexta.

A entidade beneficiaria poderá solicitar pagamentos parciais a conta da liquidación definitiva, ata o 80% da contía total concedida, a medida en que EAPN-Galicia xustifique os gastos realizados e o cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda, así como a aplicación dos fondos destinados para estes efectos. Estes libramentos parciais quedarán exonerados da constitución de garantías previstas no artigo 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, por estar incluídos no suposto recollido no apartado f) do artigo 65.4.

O 20% restante farase efectivo unha vez rematada e xustificada a realización da totalidade da actividade subvencionada.

A data límite de xustificación, para os efectos do artigo 37.2.e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, é o 16 de decembro de 2024, agás que se trate de gastos correspondentes a impostos ou cotas por seguros sociais relativos a gastos directos de accións realizadas ata o 31 de decembro de 2024 liquidables con posterioridade a esta data; neste caso, o prazo de xustificación poderá comprender ata o derradeiro día do mes seguinte ao último trimestre do exercicio en que se estableza a axuda.

En aplicación do artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e do artigo 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á data de finalización do período de xustificación.

SEXTA. Documentación para xustificar as axudas

1. Para xustificar o pagamento final presentárase unha conta xustificativa que incorpore:
 - a) Unha memoria de resultados da actuación subvencionada.



b) Certificacións que acrediten o cumprimento das obrigas tributarias co Estado e coa Comunidade autónoma de Galicia, e das obrigas coa Seguridade Social.

c) Unha memoria económica abreviada que constará da seguinte documentación:

1º. Unha relación clasificada dos gastos do persoal adscrito á execución da actuación subvencionada, na que se indique: identificación da persoa traballadora, categoría laboral, mes, nómina neta, IRPF, cotas da Seguridade Social da persoa traballadora e da entidade empregadora, nómina bruta e a porcentaxe desta que se imputa á subvención.

2º. Unha relación clasificada dos restantes gastos correntes da actuación subvencionada, na que se identifiquen: persoa acreedora, número de factura ou documento equivalente, importe imputado, data de emisión e data de pagamento.

d) Un informe dunha persoa auditora sometida á Lei 22/2015, do 20 de xullo, de auditoría de contas e inscrita no Rexistro Oficial de Auditores de Contas dependente do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, conforme ao artigo 50 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Acompañará a conta xustificativa de gasto unha certificación emitida por ese rexistro para a comprobación da inscrición.

No caso de que EAPN-Galicia estivera obrigada a auditar as súas contas anuais por un persoa auditora, a revisión da conta xustificativa poderá ser efectuada pola persoa auditora contratada para ese labor ou por outra distinta, de conformidade co artigo 50.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O informe de auditoría que achegue a entidade axustarase ao disposto na Orde EHA/1434/2007, do 17 de maio, pola que se aproba a norma de actuación dos auditores de contas na realización dos traballos de revisión de contas xustificativas de subvención, no ámbito do sector público estatal, previstos no artigo 74 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, e polo disposto neste convenio.

A verificación que figure no informe de auditoría terá, en todo caso, o seguinte alcance:

1º. O cumprimento por parte de EAPN-Galicia das obrigas establecidas neste convenio e no resto da normativa que rexe a xestión e a aplicación da subvención.

2º. A adecuada e correcta xustificación da subvención por parte da entidade beneficiaria.

3º. A realidade e a regularidade das actuacións que foron financiadas coa subvención.

4º. O adecuado e correcto financiamento das actuacións subvencionadas.



O informe de auditoría permitirá obter evidencia suficiente para poder emitir unha opinión sobre a execución dos gastos do programa. En todo caso, deberá comprobarse:

- 1.º Que a conta xustificativa foi subscrita polo representante legal da entidade ou persoa que asuma a dita competencia, debendo anexar ao informe unha copia dela selada pola persoa auditora.
- 2.º Que existe concordancia entre a memoria de actuación e os documentos xustificativos do gasto realizado. Se existiran desviacións respecto do orzamento desagregado de gastos previstos achegado pola entidade beneficiaria ao inicio da tramitación do convenio, deberase engadir a explicación de cada unha delas.
- 3.º Que o importe xustificado corresponde ao concedido, e que se atopa correctamente desagregado e identificado na conta xustificativa, con indicación das imputacións aplicadas. A revisión abarcará a totalidade dos gastos incorridos na realización das actuacións subvencionadas.
- 4.º Se existiren outros ingresos ou subvencións que concorran ao financiamento das actuacións subvencionadas, deberase indicar o seu importe e a súa procedencia. Ademais, farase mención expresa ao custo total repercutido das mesmas para a entidade, e certificarse que non existe sobrefinanciamento da actuación subvencionada de conformidade coa cláusula sétima.
- 5.º Que o gasto declarado é real e elixible e que está debidamente acreditado e xustificado conforme a normativa vixente. Para iso, no informe deberá confirmarse:
 - 5º.1. Que os gastos realizados e imputados ás actuacións obxecto de subvención gardan unha relación directa con elas, e son conformes coas normativas autonómica, nacional e comunitaria en materia de elixibilidade de gastos e subvencións.
 - 5º.2. Que as facturas orixinais ou documentos contables de valor probatorio equivalente que figuran na relación de gastos contan cos datos requiridos pola lexislación vixente, e que os devanditos gastos foron realizados e efectivamente pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación, salvo aqueles que pola súa propia natureza deban liquidarse en datas posteriores.
- 6.º Que EAPN-Galicia utiliza un sistema de contabilidade separada ou codificación contable que permite a inequívoca identificación dos gastos realizados.



- 7.º Que EAPN-Galicia dispón de ofertas de diferentes provedores, nos supostos previstos no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e dunha memoria que xustifique razoablemente a elección da entidade provedora, naqueles casos en que non recaera na proposta económica máis vantaxosa.
 - 8.º Que a persoa que exerza a auditoría se pronunciará sobre a elixibilidade do Imposto do Valor Engadido imputado ao programa e que non é susceptible de recuperación ou compensación.
 - 9.º Que existe acreditación documental, material e/ou gráfica coma fotografías, fotocopias ou captura de pantallas, do cumprimento da obriga de información e publicidade do financiamento público da actuación subvencionada.
2. Para xustificar os libramentos parciais presentárase unha conta xustificativa que incorpore a mesma documentación que a conta xustificativa do pagamento final coa excepción da memoria de resultados da actuación subvencionada e da parte do informe de auditoría que fai referencia a outros ingresos ou subvencións que concorran ao financiamento da actuación subvencionada.

SÉTIMA. *Obtención doutras axudas*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a celebración deste convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación das condicións establecidas nas cláusulas do mesmo.
2. O importe da subvención non poderá, en ningún caso, ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, ingresos ou recursos doutras administracións públicas supere o custo das accións derivadas do convenio. Como regra xeral, permítase a acumulación de axudas, sempre que o importe total destas non supere o custe total das actuacións a subvencionar a través deste convenio.

OITAVA. *Comisión de seguimento*

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio creárase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representados as partes asinantes deste. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dous representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dous representantes de EAPN-Galicia, así como os seus suplentes, designados polas persoas que representen a cada unha das partes.



A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Administración, designada pola persoa titular do órgano de dirección competente en materia de Inclusión Social.

A persoa que ocupe a secretaría, que actuará con voz pero sen voto, así como a súa suplencia, será unha persoa adscrita ao órgano de dirección competente en materia de inclusión social, designada pola persoa que asuma a presidencia.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

NOVENA. *Inexistencia de relación laboral*

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ningunha entre a Consellería de Política Social e Igualdade e as persoas que desenvolvan as actuacións que formen parte do programa a subvencionar, de xeito que por este concepto non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, polo acontecido no desenvolvemento deste.

DÉCIMA. *Duración*

A vixencia do presente convenio estenderase desde a data da súa sinatura ata o día 31 de decembro do ano 2024.

Non obstante, financiaranse os gastos realizados que cumpran as condicións indicadas na cláusula cuarta, derivados das actuacións a subvencionar levadas a cabo dende o 1 de xaneiro do actual exercicio.

DÉCIMO PRIMEIRA. *Causas de resolución e reintegro*

1. Serán causas de resolución do convenio e darán lugar, no seu caso, ao reintegro das cantidades percibidas, incrementadas cos xuros legais establecidos de acordo coa normativa vixente:
 - a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio.
 - b) O acordo unánime das partes asinantes.
 - c) O incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do programa que fundamentan a concesión da subvención.



- d) A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos do que motivaron a súa concesión.
- e) A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas, ou a falsidade de datos achegados para esta fin.
- f) Por decisión xudicial firme que declare a nulidade do convenio.
- g) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista na lexislación vixente.

2. Aos efectos de reintegro das subvencións estarase ao disposto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

DÉCIMO SEGUNDA. *Carácter administrativo do convenio*

Este convenio terá carácter administrativo, rexéndose os seus efectos polo establecido nas súas cláusulas e no non previsto por estas aplicaráselle os principios contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, para resolver as lagoas e dúbidas que puidesen presentarse. Así mesmo, rexerase tamén pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A Administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

DÉCIMO TERCEIRA. *Cuestións litixiosas*

1. As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación ou efectos do convenio serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.
2. Contra estes acordos cabe interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a resolución fose expresa ou, se o acto non o fose, en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Directamente poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo, ante a Sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fose, o prazo será de seis meses e contarase, para a entidade interesada, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa



normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMO CUARTA. *Transparencia e publicidade*

Este convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, a concesión da subvención será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente convenio de colaboración no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o convenio de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

Como beneficiaria de subvención pública ao abeiro deste convenio, EAPN-Galicia obrígase a subministrar á Administración, previo requirimento, toda a información necesaria para que esta última poida cumprir coas obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, coas consecuencias, no caso de incumprimento, indicadas no artigo 4 da devandita lei.

DÉCIMO QUINTA. *Información básica sobre protección de datos persoais*

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade coa



finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Como destinatarios, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

E en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes asínano no lugar e data da sinatura dixital.

A conselleira de Política Social e Igualdade
Fabiola García Martínez

A presidenta de EAPN-Galicia
Ana Pardo Fernández

